

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as catorce horas e trinta e catro minutos do trinta de abril de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria Municipal.

Non asiste:

D. Pedro Amado Sanmartín

Dna. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Secretaria:

D^a. Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

ÚNICO.- SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E AO PARLAMENTO EUROPEO DO VINDEIRO 26 DE MAIO DE 2019.

“A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E AO PARLAMENTO EUROPEO DO VINDEIRO 26 DE MAIO DE 2019.

(Expediente TEdC: 2019/G006/000063)

A necesidade da sesión ven motivada pola convocatoria polo Real Decreto 209/2019, de 1 de abril das eleccións locais e as Asambleas de Ceuta e Melilla e a convocatoria por Real Decreto 206/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións de Deputados ó Parlamento Europeo.



Vistos os decretos de convocatoria dos procesos electorais indicados, a data de celebración da s eleccións (municipais e o Parlamento europeo) é o domingo 26 de maio de 2019.

Considerando ao disposto no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño) é necesario a designación por sorteo público dos/as Presidenta/a e Vocais das Mesas Electorais.

Propónse o seguinte sistema a seguir, de conformidade co acordado pola Comisión informativa de facenda 26.01.2009, sobre a utilización de medios informáticos dos que se dispoñen para poder realizar o sorteo público para a composición das Mesas Electorais das vindeiras Eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do vindeiro 26 de maio.

Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra hoxe mesmo.

No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionaranse os números que resulten de sumar 10 aos números dos/as electores/as que se substitúan, sempre que se reúnan os requisitos esixidos pola Lei electoral para ser Presidente/a ou Vogal segundo o establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das eleccións eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do vindeiro 26 de maio.

2.- Efectuar o sorteo e designar aos/las membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontevedra a 25 de abril de 2019.”

Visto canto antecede, **ACORDASE** por unanimidade dos membros presentes:

1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das eleccións eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do vindeiro 26 de maio.

2.- Efectuar o sorteo e designar aos/las membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura ás persoas membros das mesas que resultaron do sorteo (1 presidente/a e dous 2 vogais por mesa).

Durante a lectura, detéctase que resultaron elixidas para conformar as mesas, persoas que por motivos políticos e/ou de residencia non poderían acudir ao posto para o que foron elixidas polo que, os/as membros presentes, acordan, por asentimento, a substitución das designadas para as mesas e polos motivos que se indican a continuación:

Cargo na Mesa	Distrito	Sección	Mesa	Motivo
1º Vogal	1	3	B	Exercerá de apoderada formación política.
2º Vogal	1	3	B	Non reside no municipio.
1º Vogal	2	2	B	Exercerá de apoderada formación política.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

